

Decreto.- Monterroso, 21 de setembro de 2016

ANTECEDENTES

Como todos os anos no período estival, existe a necesidade de acondicionamento e afirmado, mediante o bacheos dos camiños municipais. Igualmente aínda queda algunha partida pendente de executar relativa á mellora de camiños rurais.

Os danos nas infraestruturas públicas municipais son evidentes polo que se fai necesario dotar algún persoal, pois ó acceso ós núcleos de poboación é unha das competencias mínimas obrigatorias que deben prestar en todos os municipios

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

- Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido do Estatuto dos traballadores.
- Real decreto 2720/1998, do 18 de decembro, de desenvolvemento dos contratos de duración determinada.
- Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público.
- Artigo 235 e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.
- Artigo 103 da Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local.
- Artigo 177 do Real decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril, de aprobación do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.

Logo de ler o artigo 21.g) da lei 7/1985, do 2 de abril, (modificada pola Lei 11/1999, do 21 de abril), e o artigo 41.14 do Real decreto 25686/1986, do 28 de novembro, que aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

Polo exposto, RESOLVO:

Primeiro.- Aprobar as bases que rexerán a convocatoria para a contratación laboral temporal de 1 condutor para o manexo do vehículos adscritos ó servizo de vías e obras municipal.

As bases aparecen como anexo deste acordo.

Segundo.- Autorizar o gasto con cargo as partidas correspondentes de vías e obras do vixente orzamento municipal e proceder á correspondente retención de crédito, para afrontar os custos dese persoal.

Mándao e asíno o señor alcalde en Monterroso, do que eu secretario acumulado, dou fe.

O alcalde

O Secretario-Interventor Acumulado

Jesús Otero Calvo

Froilan Pallín Seco

Jesús Otero Calvo (1 para 2)

Alcalde
Data de Sinatura: 22/09/2016
HASH: e829a45607d898031ed0e4ca0f6c1f

Froilan Pallín Seco (2 para 2)

Secretario
Data de Sinatura: 22/09/2016
HASH: 1127acbb96104e80e453160a1ca5743

DECRETO

Número: 2016-0254 Data: 22/09/2016



Cod. Validación: 8XJCF5ZAZ2XZ-55-81M41756- Correo: https://monterroso.sedelectronica.es/
Documento firmado electrónicamente desde el sistema de administración pública | Página: 1 de 7

BASES PARA CONTRATAR UN CONDUTOR ADSCRITO Ó SERVIZO DE VÍAS E OBRAS MUNICIPAL.

Primeiro.- Obxecto da convocatoria:

A presente convocatoria ten por obxecto a selección de **UN candidato/a** para o desempeño do posto de traballo de condutor dos vehículos adscritos ó servizo de vías e obras municipal durante o prazo de execución das obras de mantemento e afirmado das vías e camiños municipais pendentes de executar relativas a melloras nas pistas municipais.

Nesta mesma liña, e co fin de non interromper a prestación deste concreto servizo de duración temporal, aqueles candidatos que non resulten contratados neste proceso selectivo pasarán a formar parte dunha lista para posibles baixas, substitucións, necesidades .

O procedemento selectivo regularase polo previsto nas presentes bases e no non previsto nelas, polo establecido nas seguintes disposicións: na Lei 7/2007, de 12 de abril, do estatuto básico do empregado público (en sucesivas citas EBEP); na Lei 30/84, de 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública (naquelas disposicións aínda vixentes e que sexan básicas); na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local; no Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Real decreto legislativo 781/1986, de 13 de xuño (naquelas disposicións básicas); na Lei 5/1997, de 22 de xullo, da administración local de Galicia; no Real decreto legislativo 1/2008, de 13 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei da función pública de Galicia; na Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia; no Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Administración Local; Con carácter supletorio tamén se aplicará o Decreto 95/91, de 20 de marzo, polo que se aproba o regulamento de selección do persoal da administración da Comunidade Autónoma de Galicia, no que non se opoña ó Real decreto legislativo 1/2008, de 13 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei da función pública de Galicia; Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o regulamento Xeral de ingreso do persoal ó servizo da Administración do Estado e demais disposicións aplicables.

Segunda.- Requisitos dos aspirantes:

Serán requisitos dos aspirantes a esta contratación:

- Ter cumpridos os 16 anos de idade e non exceder da idade máxima de xubilación forzosa.

DECRETO

Número: 2016-0254 Data: 22/09/2016



Cod. Verificación: 5015702622XNETTSSRMAW795J | Comprobar en: <http://trm.mec.es/verificacion/>
Documento firmado electrónicamente desde la plataforma esPublico | Página 6 de 7

- Ter a nacionalidade española, ser nacional da Unión Europea ou dun país con tratado internacional, segundo o que dispón o artigo 57.3 do Estatuto Básico
- Estar en posesión do certificado de escolaridade.
- Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que tivese sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional ou doutro estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.
- Estar en posesión do carné de conducir tipo C.

Terceiro.- Presentación de solicitudes

Os/as aspirantes que desexen tomar parte no proceso selectivo deberán facelo constar mediante instancia na que manifesten que reúnen todos e cada un dos requisitos establecidos na convocatoria.

A instancia axustarase ao modelo que conteñen como Anexo I as presentes bases dirixidas ó señor alcalde da Corporación, e presentarase no Rexistro Xeral do Concello ata o luns 26/09/2016 as 12:00 horas da mañán, o anuncio da convocatoria realizarase no taboleiro de edictos da casa do Concello, e na web municipal www.monterroso.es.

Igualmente, poderán presentarse a través do procedemento previsto no art. 38.4 da Lei 30/1992 do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Neste suposto, será necesario adiantala por fax ó nº 982377617, antes do remate do prazo, para que sexan tidas en conta.

Á instancia xuntarase fotocopia cotexada do documento nacional de identidade. Os/as aspirantes que non posúan a nacionalidade española e teñan dereito a participar deberán presentar unha fotocopia do documento que acredite a súa nacionalidade e, de ser o caso, os documentos que acrediten o vínculo de parentesco e o feito de vivir a expensas ou estar a cargo do nacional doutro Estado co que teñan o dito vínculo. Así mesmo, deberán achegar declaración xurada ou promesa deste de que non está separado de dereito do seu cónxuxe e, de ser o caso, do feito de que o/a aspirante vive a expensas ou está ao seu cargo. Se non hai candidatos excluídos non se publicara a lista de admitidos por estar todos os candidatos admitidos.

Os candidatos deberán acudir ás probas o día que se señale na páxina web e no taboleiro de anuncios do Concello co seu DNI e serán chamados por orde alfabético.

Cuarto.- Tribunal cualificador das probas:

O tribunal cualificador designado polo alcalde, estará integrado polos seguintes membros:

DECRETO



Número: 2016-0254 Data: 22/09/2016

Cod. Verificación: SXJCRG25ZKXNZTTSB0AM7551 | Comprobación: monterroso.es/elecciones/eal
Documento es nado electrónico. Códigos e informacións adicionais en: monterroso.es/elecciones/eal | Páxina 3 a 7

Presidenta: A tesoreira do Concello de Monterroso.

Secretario: A secretario do Concello.

Vogais:

Dous capataces do GRUMIR.

O xefe de negociado contabilidade-laboral.

O tribunal non poderá constituírse, nin actuar sen a presenza do presidente e o secretario. As persoas substituídas, de se-lo caso, serán nomeadas polo Sr. alcalde no momento oportuno.

De todas as reunións que faga o tribunal o secretario redactará acta.

Os membros do tribunal absteranse de intervir e comunicaranos á autoridade convocante cando concorra algunha das circunstancias prevista no artigo 28.2 de Lei 30/1992 de réxime xurídico das administracións públicas. Os aspirantes poderán recusar ós membros do tribunal cando concorran aquelas circunstancias.

O tribunal resolverá todas as dúbidas que xurdan na aplicación das presentes bases así como nos casos non previstos nelas.

O tribunal non poderá aprobar nin declarar que superaron as probas un número superior de aspirantes ó de prazas convocadas, aínda que co resto de solicitantes non seleccionados se establecerá unha orde para cubri-las posibles vacantes que poideran producirse, só válido para a presente campaña.

O presidente, vista a proposta do tribunal, procederá á adopción do decreto correspondente que resolverá a contratación.

Quinto.- Selección:

Fase de concurso:

Nesta fase avaliaranse os méritos alegados polos/as aspirantes no momento de presentar a súa instancia para tomar parte neste proceso selectivo, tendo en conta o seguinte baremo:

Experiencia profesional

- Por cada mes de servizos prestados en posto similar na Administración Pública: 0,25 pts ata un máximo de 3 pts

Os servizos prestados acreditaranse cos contratos de traballo ou certificación de servizos prestados emitida pola Administración pública competente xunto co informe de vida laboral.

- Por cada mes de servizos prestados en posto similar na empresa privada: 0,10 pts ata un máximo de 3 pts

Os servizos prestados acreditaranse cos contratos de traballo ou certificación de servizos prestados emitida pola empresa xunto co informe de vida laboral.

Fase de oposición:

Condutor:

Unha proba práctica consistente na condución dun dos vehículos municipais ó longo dun percorrido que se lle sinala ó candidato, co fin de avaliar os seus coñecementos e pericia do manexo do citado vehículo, así como o seu

DECRETO

Número: 2016-0254 Data: 22/09/2016



Genl. Validación: 5KJCF5Z5Z2N2T5SRMM759J | Correo: rpt@monterroso.gal | Plataforma de validación de documentos emitidos electrónicamente neste: plataforma validacion.es | Páxina 4 de 7

funcionamento, etc. O candidato será acompañado polos membros do tribunal, quen valorará a actuación de cada un dos aspirantes. Para superar este exercicio será necesario acadar un mínimo de 5 puntos e puntuará ata un máximo de 10 puntos. **Este exercicio terá carácter eliminatorio.**

Entrevista

Terá carácter curricular e servirá para buscar un perfil axeitado á actividade. Puntuación máxima: 4 puntos.

Sexto.- Procedemento de selección:

Rematada a cualificación dos aspirantes, o tribunal cualificador publicará no taboleiro de anuncios do concello e na páxina web www.monterroso.es a relación de todos os aspirantes coa puntuación final (que estará determinada pola suma dos puntos obtidos na fase do concurso, na proba práctica e na entrevista). O tribunal elevará a correspondente proposta de contratación a favor dos/as aspirantes que obtiveran a puntuación total máis alta.

No caso de empate na puntuación final darase preferencia aos/as candidatos/as que acadasen unha maior puntuación na fase de experiencia profesional. Se persiste o empate, decidirá o voto de calidade do presidente do tribunal.

Sétimo.- Presentación de documentos

O aspirante proposto presentará na Secretaría Concello, no prazo de tres días naturais (contados a partir da publicación do resultado de selección), os documentos que acrediten que cumpre todos e cada un dos requisitos esixidos na base 3ª desta convocatoria, no caso de que non foran xa presentados xunto coa solicitude para tomar parte neste proceso selectivo.

Se dentro do prazo indicado, salvo casos de forza maior, o aspirante proposto non presentara a súa documentación ou non acreditara reunir os requisitos esixidos, non se poderá proceder á súa contratación, e quedarán anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo das responsabilidades en que pudiera incurrir por falsidade na instancia ou na documentación presentada para tomar parte neste proceso selectivo.

Oitavo.- Formalización dos contratos:

Unha vez presentada a documentación á que se refire o apartado anterior, o presidente da Corporación procederá a contratar a favor do/da aspirante proposto/a polo tribunal cualificador, e será nula a contratación de quen estea incurso en causas de incapacidade específica conforme á normativa vixente.

A formalización dos contratos terá lugar dentro do prazo de cinco días naturais, a contar desde a data de notificación do acordo de nomeamento.

Previamente á sinatura do contrato, o/a aspirante contratado/a deberá subscribir a declaración á que se refire o artigo 13.1 do Real decreto 598/1985, do 30 de abril, sobre incompatibilidades.

Mentes non se formalice o respectivo contrato e non se incorpore ao posto de traballo, a/o aspirante non terá dereito a percepción económica de ningunha clase.

DECRETO

Número: 2016-0254 Data: 22/09/2016



Cost. Validador: 5KCF029ZZN2ZTTSSRMAV75BJ Conseción: <http://monterroso.es/secretaria.es/>
Documento asinado electrónicamente desde a plataforma rexistrada e-xubica | Páxina 5 de 7

Noveno.- Normas finais

Para todo o que non está previsto nestas bases ou para o que as contradigan, será de aplicación supletoria o establecido na Lei reguladora das bases do réxime local, na Lei de administración local de Galicia, no Real decreto 896/1991, no Real decreto 364/1995, e na demais lexislación vixente que sexa de aplicación.

Os actos e comunicacións que se deriven da celebración deste proceso selectivo faranse públicos, exclusivamente, a través do taboleiro de anuncios da casa do concello e na paxina web municipal.

Todos os actos administrativos derivados desta convocatoria, así como da actuación do tribunal, poderán ser impugnados polos/as interesados/as nos casos e na forma establecidos pola Lei de procedemento administrativo e normas vixentes concordantes.

A presentación de reclamacións suspenderá a continuación do proceso selectivo, agás que así o decida o órgano que o convoca este.

Contra estas bases e contra a resolución que as aproba, que pon fin á vía administrativa, poderase interpor o recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado Contencioso- Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses (contados dende o día seguinte ao da publicación na convocatoria).

Con carácter potestativo e previo, poderá interpor o recurso de reposición no prazo de un mes (contado dende o día seguinte ao da publicación da convocatoria). Neste caso, non se poderá interpor o recurso contencioso-administrativo ata que se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto. Neste último suposto, o prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de seis meses contados dende o día seguinte a aquel no que se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

Todo isto sen prexuízo de que poida exercitar calquera outro que considere procedente.

O tribunal queda facultado para resolver tódalas dúbidas que xurdan na aplicación das presentes bases, así como nos casos non previstos polas mesmas.

Monterroso, 21 de setembro de 2016.

O alcalde,

Jesús Otero Calvo.

DECRETO

Número: 2016-0254 Data: 22/09/2016



Cad. Validación: <http://monterroso.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xerada en <http://monterroso.sedelectronica.es/> Páxina 8 de 7

ANEXO I. MODELO DE INSTANCIA

SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NO CONCURSO DE 1 PRAZA DE CONDUTOR ADSCRITO Ó SERVIZO DE VÍAS E OBRAS MUNICIPAL PARA O CONCELLO DE MONTERROSO MODALIDADE DE CONTRATO DE DURACIÓN DETERMINADA E FORMACIÓN DE LISTA DE RESERVA.

D. /D^a.
Natural de Provisto de DNI

Con domicilio a efectos de notificación en

Teléfono

Diante de vostede comparezo e expoño:

Que reúno tódalas condicións esixidas polas bases da convocatoria para a contratación de persoal laboral temporal do Concello de Monterroso.

Documentación que se adxunta:

	Fotocopia de DNI.
	Copias cotexadas dos contratos de traballo e/ou certificacións de servizos prestados expedidas polos organismos oficiais no que se prestaron.
	Copias cotexadas de documentos acreditativos do carné tipo C

....., 2016

ASDO.....

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE MONTERROSO,

